

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE ABRIL DE**

**2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta de abril de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru (incorporouse á sesión ás 20:45 horas) e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona Isabel M<sup>a</sup> Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro**

Dada conta da proposta conxunta da concelleira delegada da área de Cultura e Turismo e do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 20 de abril actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 28 de abril actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2009, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro municipal a publicación destas bases.

## **2º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre durante 2009**

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 20 de abril actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 28 de abril actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2009, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2009, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tiraxe da provincia.

### **3º Proposta troco plan de investimentos do exercicio 2005 respecto da obra “terreos praia Santa María de Vigo”**

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 20 de abril actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de abril actual.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que na proposta se recolle que, tendo en conta que xa había unha actuación nas ribeiras do río Mero, a necesidade da praia fluvial en Santa María de Vigo xa se suplía dalgunha maneira. Eles pensan que a distancia que hai dende esa parroquia ás ribeiras do río Mero é bastante considerable, e parécelles que, unha vez máis, están a tomala cos veciños dunha parroquia bastante olvidada polo goberno local. Entenden que ten a súa importancia a adquisición dos terreos para a construción do centro de saúde do Temple, pero non poden seguir marxinando aos veciños doutras parroquias.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que xa na comisión informativa manifestou o seu voto en contra, porque parécelle que a xustificación que se fixo foi bastante pobre, porque decidiron que Santa María de Vigo se quede sen esa instalación, xa comprometida hai varios anos, motivándoo nas obras do río Mero. Trátase dunha parroquia que, como outras do rural, está abandonada polo goberno municipal.

Segue dicindo que se está a xustificar aos veciños que a adquisición de 42 m<sup>2</sup> no Temple, se vai pagar a máis de 370 euros/m<sup>2</sup>, cando hai uns días estaban falando de expropiar terreos

para facer vivendas sociais en zonas similares a 100 euros/m<sup>2</sup>, é un prezo deshorbitado e o seu voto vai ser en contra.

O Sr. alcalde informa de que houbo un erro cando se falou do río Mero, porque é o río Brexa. Di que o problema deste troco refírese a que hai unha parcela que se acordou ceder á Consellería de Sanidade para facer un novo centro de saúde, e hai un trozo de terreo desa parcela que é de propiedade privada e que hai que adquirir, porque senón o terreo quedaría sen un trozo grande de fachada, por iso se fai o cambio. Isto non quere dicir que en Santa María de Vigo, tras unha reunión cos veciños, se cambie a situación prevista. Estaba prevista ao fondo de Santa María de Vigo, e agora os veciños están buscando outra situación.

O que se pretende é usar o diñeiro que estaba aí dende o 2005, para poder pagar ese terreo e cedelo canto antes á Consellería de Sanidade, para que se poida facer o novo centro de saúde e, en ningún caso, se ten olvidada a praia, que volve dicir non é no río Mero, senón no río Brexa.

Sometido o asunto a votación, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, vota en contra o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por seis votos a prol, acordou:

Cambiar a finalidade do investimento recollido na partida 452.6000090, dentro do proxecto “2005-2-452002” “Terreos praia Sta. María de Vigo” por importe de 30.000,00 euros, deixando por iso sen executar a antedita actuación e destinar este crédito á adquisición da parcela lindeira coa unidade de execución número 11, para poder completar a parcela de equipamento municipal destinada á construción dun novo centro de saúde, recollido na partida “412.620 Terreos edificios de Sanidade”.

#### **4º Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2009**

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 27 de abril actual cuxa parte dispositiva se transcribe a seguir:

“Aprobar o expediente número 1/2009 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2009 por importe de 53.835,96 euros a prol de

EPTISA, adxudicataria da redacción do Plan xeral de ordenación municipal polos traballos de elaboración do Documento de Inicio do dito Plan xeral, de elaboración do informe sobre a Vía Ártabra e polos traballos de asesoría urbanística sobre a modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de CEINSA, imprantación dun parque comercial en Catro Camiños, modificación puntual do Polígono industrial do Espírito Santo e sobre o trazado do AVE, correspondentes ás seguintes facturas:

<b>Núm. Factura</b>	<b>Data</b>	<b>NIF/CIF</b>	<b>Nome/Denominación Social</b>	<b>Importe</b>
EO653751	30/12/2006	A-81920084	EPTISA	35.641,02 (importe parcial do total de 58.000 euros da factura)
EO950218	20/04/2009	A-81620084	EPTISA	17.679,16
			<b>Total</b>	53.320,18

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de abril actual, que se transcribe a continuación:

“Aprobar o expediente número 1/2009 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2009 por importe de 16.693,00 euros a prol de EPTISA, polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do citado Plan xeral.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que falar do expediente número 1/2009 dá a sensación de que é unha cousa rutinaria, pero realmente non é así, os veciños teñen que saber que están a falar do Plan xeral de ordenación municipal. O Plan xeral do que xa se pagaron uns 240.000 euros, 40 millóns de pesetas, e agora a empresa redactora, contratada fai 11 anos, pretendía cobrar 55.000 euros máis. Di que non están a falar do expediente número 1/2009, están a falar do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, dun plan que xa custou 40 millóns de pesetas e leva 11 anos contratado, os últimos seis anos parado, seis anos entre a anterior lexislatura gobernada polo BNG e PSOE, e esta gobernada polo PSOE.

El xa dixo en anteriores ocasións que non pode aceptar que se culpe á empresa disto. Hai un incumprimento manifesto por parte do Concello de Cambre. Agora trátase de aclarar que partidas son as que pretende cobrar esta empresa.

Primeiro pretenden cobrar un traballo que consiste en tratar de recualificar 170.000 m<sup>2</sup> nuns terreos lindeiros co polígono de Espíritu Santo. Iso evidentemente non é xestión pública, xa o dixo nas comisións e volve dicilo hoxe. Iso é utilizar o diñeiro público para xestionar un ben privado, noutras palabras, un negocio.

Tamén se trata da implantación dun parque comercial nas proximidades de Catro Camiños, outra idea brillante do Sr. alcalde e dos seus concelleiros, que evidentemente non se levou a cabo nin se levará, pero que si que custou diñeiro.

Modificación puntual do polígono de Espíritu Santo. Iso é unha parcela de 77.000 metros que é dun banco. Ese banco comprou esa parcela a 6.500 pts/m<sup>3</sup>, tivo ofertas para vender a 300 euros, 50.000 pts, e non a vendeu. Di que a el lle estrañaba moitísimo iso, pero agora xa o entende, estaban pendentes dunha recualificación, co cal o prezo pasaría a ser de 450 euros.

Dille ao Sr. alcalde que é un Robin Hood moderno, pero cunha modificación xenética, en vez de quitarlle ao rico para darlle ao pobre, o que estaba facendo era un negocio para un banco e que o paguen os veciños de Cambre. Di que non están falando dun expediente, senón que están a falar dun Plan xeral de ordenación municipal, polo tanto, eles xa o dixeron noutras ocasións e agora volven reiterarse, eles non aceptan que se paguen 55.000 euros, a pesar de recoñecer que a culpa non é da empresa, senón que é do alcalde e dos seus concelleiros. O que si aceptan é que se paguen os 16.000 euros que os técnicos municipais si recoñecen como traballos exclusivos do Plan xeral, que se rescinda o contrato dunha vez, e que se contrate de novo a redacción do Plan. En resumo, pagar o que ten que ver co Plan xeral, e o resto de cousas que teñen que ver coas ideas brillantes do anterior concelleiro, do alcalde, etc., todo iso que non se pague, que a empresa demande ao concello se o considera oportuno, e que teña que dar explicacións o alcalde onde sexa necesario.

Conclúe dicindo que volve salientar que do que se está a falar é do Plan xeral de ordenación municipal, despois de 11 anos seguen a falar dun plan que lles custou 40 millóns, agora teñen que pagar 16.000 máis, e van a sacalo a unha nova contratación. Están no mesmo punto de fai 11 anos pero con moito diñeiro menos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o que se vai a aprobar hoxe son os 16.000 euros, e que o resto trátase dunha interpretación do Sr. concelleiro do PP, respectuosa como todas, pero que o que se pretende, como xa se falou máis veces, é que hai unha cantidade de solo con parcelas grandes que non é edificable, e tal e como está a sociedade as empresas queren parcelas pequenas, non poden ir a parcelas grandes. Fíxose un estudo que está aí, pero de momento non se vai a pagar nada que non sexa o do Plan xeral, que é o que van aprobar agora, os 16.000 e pico de euros.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que se poden aproveitar as circunstancias para facer o discurso político que interesa, iso é moi lexítimo, pero el quere recordar que precisamente foi o BNG o que na comisión informativa do día 28 propuxo retirar os compromisos de pago de todas esas cousas que citou o Sr. Cubeiro, e que unicamente se debía aprobar o pago polo estudo de inicio do Plan xeral cun importe duns 16.000 euros, que era no que todos estaban de acordo. Di que foi precisamente unha proposta deles que se modificase este punto para non comprometer o pago de todas esas cantidades que tamén a eles lles parecen inxustificadas e inoportunas. Foi unha proposta do BNG que o punto viñera tal e como vén hoxe a este pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que como xa dixeron na comisión, vanse limitar a votar a prol dun pagamento que está informado debidamente polo técnico do concello, e que en ningún caso contempla uns pagos que teñan que ver con eses outros informes. Eles coinciden con informes anteriores onde os técnicos do concello dicían que este asunto é un tema caótico e chapuceiro e, en todo caso, un problema dos anteriores gobernantes da corporación e da propia empresa que aceptou facer eses traballos. Como xa dixo, eles van a aprobar o pago dese documento de inicio e o resto xa se determinará como sexa necesario. En todo caso, propoñen que se hai algún problema, que se remita ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia.

Faise constar que dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP, incorpórase á sesión cando son as 20:45 horas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que para non repetir o que xa dixeron os outros voceiros, tamén vai votar para que unicamente se paguen os 16.000 euros.

Sometido o ditame da comisión informativa a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Aprobar o expediente número 1/2009 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2009 por importe de 16.693,00 euros a prol de EPTISA, polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do citado Plan xeral.

#### **5º Orzamentos xerais para o exercicio 2009**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de abril de 2009.

O Sr. alcalde pide que este punto, xunto cos dous puntos seguintes, se retiren da orde do día, tendo en conta que na comisión informativa do día 28 houbo dous grupos políticos que pediron a dita retirada para ter a posibilidade de poder negociar de novo cos distintos membros da corporación, para ver se hai posibilidade de chegar a un consenso máis amplo, e que poidan ser aprobados os orzamentos xerais do concello.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que alaba a xenerosidade do Sr. alcalde ao pedir que os grupos da oposición retiren algo para o que só o Sr. alcalde ten competencia. Por iso, se é que o pide, el contéstalle que non, que non o retire, e se lle di que o retira, entón terá algo que dicir.

O Sr. alcalde di que hai que votalo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que dicir que se retira este tema da orde do día porque nas comisións informativas dous grupos políticos o solicitaron, parécelle unha falta de rigor e seriedade, porque para iso poderíase ter retirado xa nas comisións, non chegar co tema ao pleno. O que pasa é que viron que non o poden aprobar por non ter os suficientes apoios, e queren retiralos baseándose no que se pediu nas comisións informativas. Di que o momento para retirar este asunto foi durante esas comisións informativas, se iso era o que querían por non ter os apoios necesarios, e que é seguro que se tiveran os apoios necesarios non o retiraban.



Continúa dicindo que, por todo iso, parécelle unha irresponsabilidade do equipo de goberno, unha falta de seriedade e de rigor total, para os veciños e para o resto da corporación. Traen un tema ao pleno, algo que xa ía vir como fai 15 días, aproximadamente, e polos motivos que foran, pospúxose para o día de hoxe, e agora chegan aquí e volven a retiralo, parécelle dunha irresponsabilidade total do equipo de goberno, que non é capaz de facer o traballo como ten que facelo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, antes de que se vote e despois non poida falar, quere sinalar que non ten cualificativos para dicir o que lle parece isto. Cando o Sr. Salcines se dirixiu ao Partido Popular para falar dos orzamentos, eles dixeron que si, como sempre, están abertos ao diálogo. Di que eles queren que as cousas vaian ben, e que o que si que dixeron foi que había unha serie de cousas que tiñan que empezar a ter claras, unha delas non reducir o gasto social, neste momento de penuria, de necesidade, non se pode reducir o gasto social, e a partir de aí comezaron a falar.

Di que ao final, chegaron a fixar unha serie de condicións. A primeira foi que o goberno local, tendo en conta que o contrato para a redacción do Plan xeral foi adxudicado fai máis de 11 anos, e que a súa execución leva paralizada varios anos, comprometéase a rescindir durante o mes de maio de 2009, e de forma definitiva, o contrato actualmente vixente. Unha vez rescindido, o goberno local ía licitar de xeito inmediato o novo contrato para a redacción do Plan xeral de Cambre. Di que ese era un punto importantísimo, e que eles con iso o que trataban era lograr que, dunha vez por todas, despois de 11 anos, se sacara adiante o plan.

O punto dous era que o goberno local e o Partido Popular de Cambre acordaban constituír unha comisión de seguimento do gasto público municipal, con representación de todos, e poñían a palabra todos en maiúscula, porque era para todos os partidos políticos con representación na corporación. Tería frecuencia mensual e estaría presente o xefe da área do asunto a tratar en cada reunión. En cada concellería ía haber unha comisión, e ía estar presente o xefe da área, o funcionario.

O punto tres do acordo era que o goberno local se comprometía a contratar a asistencia técnica para a posta ao día das licenzas municipais pendentes de tramitación. Di que o equipo de goberno é un freo para o desenvolvemento económico de Cambre. Lembra que hai máis de 260 empresas sen licenza de actividade, hai unha boa cantidade de garaxes que non teñen o vao porque non se pode conceder a licenza, hai expedientes de obras menores,

de peches, que levan anos paralizados, etc. Di que ese era un punto moi importante para o desenvolvemento económico de Cambre.

O punto catro era que o goberno local se comprometía a presentar no seguinte pleno unha proposta de modificación de crédito, con cargo ao remanente de tesourería do ano 2008, para a adquisición dos terreos necesarios para a construción dun novo colexio público en Cambre. Todos saben a situación en que se atopan os colexios públicos en Cambre, a falta de comedor, falta de prazas, etc. Di que o ano pasado na negociación dos orzamentos que o equipo de goberno aprobou co BNG, un dos argumentos que se utilizou foi que destinaban 30.000 euros para comprar un terreo. Eles xa teñen dito en moitas ocasións que ese terreo que se necesita non se pode comprar con 30.000 euros, nin con 50.000, de feito a cantidade que se precisa rolda os 250.000 euros. O PP propuxo que con cargo ao remanente se aprobara no vindeiro mes esa partida para, dunha vez, comprar o terreo e poñelo a disposición da Xunta para construír o colexio.

Segue dicindo que o Sr. alcalde lles mentiu durante moitos anos, afirmando que a Xunta en Cambre non facía cousas, pero o certo é que nin a Xunta do PP nin a do bipartito pode construír un colexio se non lle ceden o terreo, nin en Cambre nin en ningún outro lugar de Galicia. En Cambre non se constrúen colexios porque o terreo non se cede por parte do concello, esa é a realidade. O que eles pretendían co acordo era expropiar para poder ceder eses terreos.

Outro punto era que o goberno local encargaría a cada un dos xefes das áreas administrativas a confección dun informe mensual sobre a xestión municipal, en particular sobre as iniciativas, actividades realizadas, e subvencións tramitadas ou perdidas polo concello, porque di que non hai que olvidar que neste concello se perden subvencións. O Sr. alcalde vén prometendo dende hai moitísimos anos unha casa da cultura e unha subvención de 800.000 euros, e el xa lle dixo varias veces que esa subvención se perdeu, o que pasa é que se volve pedir, e volven a concedela, e nese xogo está Cambre dende hai moitos anos. Pero mentres Cambre está nese xogo de perder e pedir, outros concellos xa fixeron varias obras e, polo tanto, hai que dicir que o Concello de Cambre perdeu esa subvención.

Segue dicindo que o Concello de Cambre perde 400.000 m<sup>3</sup> de auga ao ano e, aínda así, non solicitou unha subvención da Deputación para esta finalidade de 200.000 euros. O Sr. alcalde vai dicir que non se perdeu, pero el ten que dicir que si é verdade que se pode solicitar tamén este ano, pero que en calquera caso perdeuse un ano.

Por todo o anterior, este punto dos acordos acadados era para pedir un informe de cada área, de cada responsable, dos funcionarios, porque do equipo de goberno non se fían, e ao mesmo tempo era unha forma de que as cousas funcionasen moito mellor.

O punto sexto dos acordos era que os orzamentos deste ano recollerían a conxelación do salario dos altos cargos, indemnizacións, e retribucións dos concelleiros, asignacións aos grupos municipais, e salarios do persoal de confianza. Di que neste momento de crise e dificultade os políticos deberían predicar co exemplo. Este punto ía nesa dirección, e de feito unha moción que presentou EU-IU, e que se aprobou fai pouco por unanimidade, recollía este punto.

O sétimo punto era que o goberno municipal poñería a disposición de todos os grupos políticos, e di que volvían poñer en maiúscula o de todos, unha copia do inventario de bens municipais existente ou, no seu defecto, un catálogo de propiedades e bens municipais. Isto quere dicir que todos os partidos políticos de Cambre, e por tanto todos os veciños, poderían saber que propiedades ten o concello, porque ninguén o sabe. Non se sabe que terreos hai, que valor teñen, saben que hai uns baixos na Barcala e quererían facer propostas sobre eles para, por exemplo, cederllos á xente que queira montar o seu negocio a cambio de que contraten persoal de Cambre. Son propostas que quixeran facer pero que non poden porque non saben o que teñen.

Segue dicindo que se se cumpría todo isto, o Partido Popular de Cambre ía absterse nos orzamentos, para que se puideran aprobar, claro está sempre que no PSOE foran sete concelleiros, porque di que non saben se son cinco, se son seis ou sete. Hoxe ven que falta unha concelleira, non sabe cal será a razón, pero supón que é a escusa perfecta para retirar os orzamentos da orde do día.

Conclúe dicindo que, como xa dixo, non ten cualificativos para dicir o que pensa do equipo de goberno, da súa forma de proceder, de que ía ser este pleno hai uns días, o anulan, hoxe o meten, hoxe o quitan. Di que así non se pode traballar, e que o que están facendo é unha manobra porque se arrepentiron de asinar co PP esas condicións. O equipo de goberno non quere transparencia, non quere que os partidos políticos de Cambre, e os veciños de Cambre, saiban o que fan, o que queren é manexar todo ao seu antollo, e por iso están incumprindo ese convenio.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que o seu obxectivo é cumprir os puntos que asinaron co PP, porque non teñen ningún medo á transparencia. Di que moitos dos puntos que o concelleiro do PP enunciou son compartidos por todos eles, por exemplo, o tema do colexio é algo no que o BNG estivo traballando dende hai tempo, o tema da conxelación dos soldos tamén o trouxo EU-IU, etc., e que o certo é que, en moitos dos temas están todos de acordo. Dille que queda moi ben chegar ao pleno e dicir que a idea foi súa, pero que iso non é así, a maioría das ideas son compartidas por todos, porque ninguén lle vai dicir que non, por exemplo, a un colexio. Di que nin os que gobernan son tan tontos, nin os demais tan listos, senón que todos son máis ou menos iguais.

Segue dicindo que están nun momento difícil, e que Cambre non é un lugar onde a xente está dividida en dous partidos, PSOE e PP, senón que en Cambre hai cinco partidos políticos. A realidade de Cambre é unha realidade distinta, onde hai xente de moitas opinións diferentes. Están en momentos moi difíciles, e eles están loitando por acadar o acordo máis amplo posible. O que o PP presentou parécelles ben, correcto e bo para Cambre, e por iso cren que van a ser capaces de cumprilo. Pero tamén pensan que é bo para Cambre ter o apoio doutros partidos, que haxa un diálogo máis intenso e máis forte co BNG, o seu grupo pensa que hai que buscar un maior apoio, e tamén recolle o guante que lanzou EU-IU, pero o certo é que buscan unha maioría política moito máis ampla, que poida permitir levar adiante os dous anos que quedan, que son anos moi complicados. O grupo de goberno quere iniciar un proceso de diálogo que sexa máis frutífero, porque pensan que é importante para todo Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que, en primeiro lugar, agradece que se tomara en consideración a proposta que fixeron hai dous días na comisión informativa, de retirar este tema e traballalo mellor, e iso por varias razóns. Di que pensa que non prexudica a ninguén que, un documento importante que fixa o que son os obxectivos de gasto e ingreso deste ano se faga co máis amplo consenso e apoio posible, de todas as forzas políticas presentes, pensa que iso é bo, porque lle dará estabilidade a xestión da recadación e á xestión do gasto. Pensa que é bo que nese proxecto de orzamentos se inclúan gastos en equipamentos e programas, que se inclúan os recortes necesarios adaptados a estes tempos, nos que se poidan poñer de acordo. Pensa que hai que tomar unha serie de medidas adecuadas á situación económica tan difícil que está a vivir non só o concello, senón tamén as familias do contorno, así como pensar no incremento fortísimo do paro que se está a producir. Pensan que todo iso debería facer que os grupos políticos se esforzaran en intentar apoiar unha xestión económica que vaia en beneficio da

maioría. Nese sentido foi polo que fixeron a súa proposta, e dixeron que ían votar en contra do documento tal e como estaba redactado, algo que non lles gustaría ter que facer, xa que como mínimo gustaríalles poderse abster, ou no mellor dos casos, poder votar a prol para que a xestión se poida facer da mellor maneira posible.

Di que hai algúns discursos que se fan nesta sala de xeito habitual que están constantemente mirando o pasado. Di que está ben mirar o pasado para aprender, pero que o que hai que facer é mirar cara ao futuro, para ver as cousas que entre todos poden facer.

Di que agradece ao Sr. Cubeiro que dera lectura a eses sete puntos do acordo que tiñan asinados, e di que, excepto un, son puntos nos que xa algunhas das forzas políticas representadas na corporación tiveron iniciativas, as cales foron aprobadas por unanimidade. Así por exemplo, a rescisión do Plan xeral, que foi acordada por todos en comisión e no pleno. Unha comisión de seguimento do Plan xeral na que estean todos incluídos di que xa existe, e que todos os meses, todos os grupos políticos están representados na comisión informativa ordinaria na que todos poden interrogar e presentar calquera cuestión que desexen sobre este tema, aínda que non terían ningún problema en chamar a comisión doutra maneira, ou constituír unha nova comisión que se dedicara exclusivamente a iso. A adquisición de terreos para o colexio, supón que o Sr. Cubeiro lembra perfectamente que foi froito dunha iniciativa do BNG, que se incluíu nos orzamentos do pasado ano, e que precisamente foi unha das cuestións que lle estiveron recordando de maneira reiterada ao Sr. alcalde, e ao seu equipo de goberno, que era una condición absolutamente necesaria e imprescindible para poder sentarse a falar do novo acordo orzamentario, por iso lles satisface que o PP a poña como unha das súas condicións.

A conxelación do gasto político foi unha moción presentada por EU-IU, e aprobada por unanimidade no pleno, polo tanto é unha proposta que teñen todos asumida e que non é exclusiva do PP.

Di que, en calquera caso, todos eses puntos que eles propoñían pódense incorporar ao documento que veña definitivamente ao pleno para aprobar, pero que hai que presentar algunhas cousas máis. Di que durante este último ano se teñen aprobado mocións presentadas por distintos grupos, nas que se aproban investimentos ou orientacións no gasto que non están recollidas no documento orzamentario, por iso, unha das cousas que o BNG quere é que se faga repaso de todas as decisións tomadas durante este último ano e que se incorporen ao documento. Parécenlles pouco ambiciosos os sete puntos que acordou o PP, porque cuestións que xa estaban decididas para facer non están incluídas. Está seguro que

repasando hai iniciativas presentadas, incluso polo PP, e aprobadas polo pleno, que non están recollidas no documento que asinaron.

Conclúe dicindo que eles manteñen a solicitude de que se retire este punto, comprométense a poñerse a traballar de xeito urxente para poder traer un documento consensuado por todos no prazo máis breve posible e, de ser posible, dentro do mes que entra. Dende logo o BNG compromete o seu esforzo a iso, e supón que os demais grupos tamén o farán.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que un dos motivos que argumentaba o seu grupo para votar en contra do proxecto de orzamentos, era a incapacidade do goberno local para a xestión da política municipal. Pero ao seu grupo hai unha cousa que lle preocupa moi fondamente, o desgobro de Cambre. Di que veñen continuamente ao salón de plenos a tirarse os trastes á cabeza, goberno e oposición, mentres os veciños de Cambre están esperando que se solucionen as cousas, iso é o que está pasando ultimamente, un desgobro total, sen olvidar que a oposición tamén ten niso a súa culpa.

Conclúe dicindo que, tendo en conta a proposta do BNG, e no ánimo que quere que os veciños de Cambre, e todo o municipio, progresen, tentar chegar a un acordo de todos os grupos respecto dalgúns puntos concretos, e poder apoiar uns orzamentos, aínda que non sexa por unanimidade, pero co maior respaldo posible, el fai un chamamento para ver se son capaces de acadalo, un chamamento á cordura e á responsabilidade, e di que, por iso, vanse abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que lle parece que nesta corporación tan heteroxénea na que están, algúns terían que ir tomando nota dalgún concello cercano que nestes días de atrás fixo o que lle parece un fraude electoral ou, polo menos, unha falta de respecto para quen lles votou, e só para lograr apoltronarse uns cantos. Di que aquí o mellor sería que quen queira deixe o partido no que está, que formen outro grupo e que fagan un goberno estable, pero que sexa estable e non a comedia na que están. El non entra no xogo que están a seguir e pensa que hai que ser máis serios e rigorosos. En Cambre, tradicionalmente os orzamentos véñense traendo ao pleno no verán, a pesar de que xa tiñan que estar aprobados a comezos do ano. Non sabe porque houbo tanta premura en traelos no mes de abril, porque normalmente xa están acostumbrados a que se traían incluso en agosto. Deberían telos negociado como tiñan que negocialos. É certo que cando se traen en agosto hai grupos da oposición que din que se tiñan que ter traído moito antes, pero resulta que agora, non sabe que interese pode haber, é mellor

pospoñelos aínda que sexa ata o verán, o que antes non era bo, agora parece que empeza a selo.

Di que a el lle parece unha falta de seriedade, tanto do goberno, como de parte da oposición.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez dille ao voceiro do BNG que talvez non entendeu o que dixo porque o documento está redactado en castelán, pero que cando antes deu lectura ao punto 1, xa dixo ben claro que non están a falar de que se reúna a Comisión Informativa do Plan xeral, di que xa está cansado de tanta reunión, e de ver como pasa o tempo, once anos neste caso. Eles o que piden é que se acabe dunha vez con este folclore e que o mes que vén se saque outra vez a contratación o Plan xeral. Non están pedindo máis reunións de comisións, o que queren é acabar con iso dunha vez.

Por outra parte, tamén dixo o voceiro do BNG, que o seu documento é pouco ambicioso, e di que probablemente non entenden o mesmo por ambición, para el iso é moi ambicioso, pero é para o interese xeral, de todos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que entende perfectamente o documento en castelán, e que se vén en inglés tamén, non é ese o problema, e o Sr. Cubeiro sábeo, dille que ten o costume ultimamente de usar palabras altisonantes, non sabe por que, cando as cousas se poden explicar de boas maneiras, non sabe por que está tan nervioso nin tan enfadado. Di que están falando de cousas serias, e que sabe que, case todo, menos unha soa cousa, que é a contratación dunha consultora externa para a tramitación de licenzas, está todo xa aprobado polo pleno, o problema é obrigar ao goberno a que faga as cousas. Dille que deben facelo entre todos, e que xa lles dixo no pleno pasado que tiñan que asumir a súa responsabilidade como grupo maioritario da oposición, e definir moito mellor o que queren. En todo caso, dille que é o seu estilo e que el o respecta porque ten todo o seu dereito a facelo.

O Sr. alcalde somete a votación ordinaria a retirada do asunto da orde do día co obxecto de que se poida buscar un maior consenso e poder aprobalos nun breve prazo de tempo, e que sexan os orzamentos máis acordes coas necesidades de Cambre.

Votan a prol da retirada do asunto os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Retirar o asunto da orde do día co obxecto de que se poida chegar a un maior consenso entre todos os grupos políticos.

#### **6º Cadro de persoal**

O Sr. alcalde retira este asunto da orde do día, iso motivado na retirada da orde do día dos orzamentos xerais para o exercicio 2009.

#### **7º Catálogo de postos de traballo**

O Sr. alcalde retira este asunto da orde do día, iso motivado na retirada da orde do día dos orzamentos xerais para o exercicio 2009.

#### **8º Mocións**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

#### **A) Moción do grupo municipal do PP para a implantación de sistemas activos de participación cidadá**

Rexistrada de entrada ao núm. 5124 o día 28 de abril de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“Durante os últimos meses do ano pasado e a raíz do polémico asunto do Plan de Vivenda, numerosos veciños do concello comezaron a asistir de forma activa aos plenos da corporación para tratar de informarse das iniciativas e propostas debatidas polos grupos municipais. Dende eses meses, a expectación e a afluencia aos plenos foi máis activa que no resto da lexislatura e moitos veciños solicitaron que se permita aos cidadáns de Cambre formular preguntas ou realizar rogos nos plenos.

Distintos grupos desta corporación instaron en reiteradas ocasións a que se redactara un Regulamento municipal de participación cidadá, petición á que o Partido Popular de Cambre tamén quere unirse formalmente mediante esta moción.



Dende o Partido Popular de Cambre entendemos que é unha obriga de todos os partidos políticos manter debidamente informados e implicados aos veciños na vida municipal, como medio para garantir unha xestión pública transparente e democrática. E é responsabilidade dos gobernantes dar as explicacións públicas que os veciños lles requiran.

O artigo 104.3 do Regulamento orgánico municipal permite que a Alcaldía, unha vez finalizado o pleno, abra unha rolda de consultas por parte do público asistente sobre temas de interese municipal.

Por estes motivos, os concelleiros do Partido Popular de Cambre propoñemos ao pleno da corporación para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: As sesións ordinarias do pleno da corporación municipal de Cambre finalizarán coa apertura dunha rolda de consultas para o público asistente. O número de consultas realizadas en cada pleno non poderá ser superior a tres, e ningún veciño poderá realizar máis dunha consulta en cada pleno.

Segundo: As consultas deberán ser presentadas no Rexistro municipal con 3 días hábiles de antelación á celebración do pleno e ordearanse por data e hora de presentación. En caso de que se presenten máis de tres consultas nun pleno, o alcalde decidirá se as contesta ou se se trasladan ao seguinte pleno ordinario. No caso de que algunha das consultas presentadas non puidera ser contestada pola inasistencia do veciño que a solicitou, pasarase á seguinte consulta ata chegar ao límite establecido para cada pleno.

Terceiro: O concello publicará no taboleiro de anuncios municipal o listado de quendas para realizar as consultas, no que figure o nome da persoa que solicita a consulta, a data de entrada no rexistro da súa solicitude e o pleno no que está prevista a súa contestación.

Cuarto: O goberno municipal poñerá os acordos desta moción en coñecemento dos veciños a través da prensa, os paneis de información municipal e demais medios que considere oportunos.

Quinto: Os acordos adoptados a través da presente moción serán plenamente eficaces dende a súa aprobación, sen prexuízo de que se trasladen no futuro ao texto do Regulamento municipal de participación cidadá. O consello de goberno local poderá, non obstante,

acordar as medidas necesarias para o correcto funcionamento dos acordos en tanto non estean regulados no regulamento, sempre que non desvirtúen o seu contido e dos que haberá de dar conta ao pleno da corporación para a súa validez e eficacia.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que están de acordo coa filosofía da moción, pero non co método. Pense que a lexislación xa contempla a posibilidade que a moción recolle, pero que tamén teñen que regular dende o concello os canais e as vías para que os cidadáns poidan participar máis na vida política. O equipo de goberno ten que formular as vías mestras para mellorar a participación cidadá, e entón será o momento para abordar o como e o por que, nun marco moito máis amplo, e non agora nunha moción de última hora, que chegou fóra de prazo. Por iso o seu voto vai ser negativo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que pensaba que o concelleiro do PP ía comezar pedindo desculpas polo atraso na presentación, xa que as mocións tiñan que estar presentadas o sábado e esta entrou o martes, de feito o seu grupo non tivo coñecemento das iniciativas do PP para este pleno, non obstante, di que ese non vai ser motivo para non discutilo.

Continúa dicindo que lembra que no pleno se aprobou unha moción presentada por EU-IU, para a elaboración do Regulamento de participación cidadá, na que un dos puntos tiña que ser, precisamente, a posibilidade de participación de representantes veciñais ao remate dos plenos, tal e como recolle o Regulamento orgánico municipal. Agora ben, presentar a moción con tan pouco prazo de tempo, para que non poida haber opinións, para que non poida haber un certo contraste técnico, para que non poidan consultarlle a outros concellos onde teñen xa este sistema, como Fene, Arteixo, Culleredo, etc., é dicir facer algunha comparación para ver cales son as solucións que mellor se adaptan ao que se pode facer en Cambre, e sobre todo para preguntar como funciona, pois ben, todo iso, con tan pouco tempo é imposible.

Pídelle ao Sr. Cubeiro que retire a moción e que, ao mesmo tempo, todos se comprometan a dicirlle ao Sr. alcalde e ao seu goberno que fagan o favor de cumprir coa moción que se aprobou xa fai un montón de meses para elaborar un Regulamento de participación cidadá, que se convoque a comisión informativa dunha vez, e que comecen a traballar nel. Ademais habería que incluír estas cousas ou outras parecidas, porque a moción xa inclúe aspectos moi concretos sobre prazos e formas, pero non aclara, por exemplo, sobre que temas se vai falar, e se se aproba así deixarían ao pleno atado por unha decisión que, ao mellor, despois

sería inviable, non se podería poñer en práctica ou terían que modificar. Por todo isto, dende o BNG solicitan ao PP que retire a moción, e dende o espírito que a presentan, que se poñan a traballar, manifestando que están de acordo en incluír isto no regulamento que se redacte, para acadar un regulamento de participación que non sexa o de ninguén en concreto, senón que lles sirva a todos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que celebra, en primeiro lugar, que o Partido Popular se sume ás iniciativas doutros grupos, e que aposte por un tema tan importante como é a participación cidadá no concello.

Di que eles pensan que aproveitando esta moción presentada polo PP se podería retomar o tema de convocar de forma inmediata á Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, xa creada expresamente para iso, e no ánimo de facer un regulamento. Pensan que tal e como aparece na moción o tema quedaría desvirtuado, porque é algo moito máis complexo.

Recoñecen a iniciativa do PP, que coincide co resto dos grupos na participación cidadá e na participación dos veciños na política local, pero, en todo caso, ven algunhas lagoas que xa se comentaron antes. A moción contempla a intervención dos veciños, niso eles están de acordo, pero non especifica canto tempo vai durar esa intervención, cantas preguntas se van a tratar nos plenos, se se van a tratar cuestións municipais ou doutro ámbito, ou cal vai ser a preferencia das preguntas. Todo iso debería estar perfectamente regulado, pensa que no ánimo de todos está iso, e tamén debería estar no ánimo do PP que se convoque no mínimo prazo de tempo a comisión informativa. Por iso pensa que o PP podería retirar a moción e no menor tempo posible reunirse para concretar eses temas, iso iría en beneficio de todos.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que hai uns meses presentouse unha moción similar a esta, pero como sempre non se fixo nada. Agora preséntase outra sobre o mesmo tema e resulta que a propia oposición pide que se retire para seguir atrasando máis o tema, pregúntase para que. Di que o seu voto vai ser de apoio, igual que xa apoiou a outra moción hai uns meses, tamén vai apoiar esta.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que vendo a actitude de determinados políticos deste concello durante os últimos meses, talvez non sexa tan sorprendente que teñan medo ao que lles poidan preguntar os veciños, porque o veciño non é un político, non ten que dar explicacións á prensa. Di que os concelleiros do PP non teñen medo do que lles poidan dicir os veciños, porque levan máis dun ano dicindo

que o que queren é instaurar un sistema de transparencia no concello, ao cal o equipo de goberno sistematicamente se está opoñendo, é por iso que presentan esta moción. Evidentemente recoñecen que hai lagoas, para iso xa propoñen que o goberno regule aquilo que eles non din, e en caso de que iso non chegue, está a posibilidade de facer o Regulamento de participación cidadá para melloralo. Di que simplemente están poñendo uns puntos para que empece a funcionar xa, porque os veciños teñen ganas de falar, simplemente é unha resposta do PP ás iniciativas dos veciños.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que nunca foi a súa intención nesta corporación opoñerse a nada que estea relacionado coa participación cidadá, di que el só preguntou se o PP estimaba retirar a moción, parece ser que non, e por conseguinte eles van a votar a prol da moción, aínda que tentarán seguir sacando para adiante o regulamento, porque lles parece moito máis completo do que se expón aquí. Por exemplo, a moción fala das intervencións pero non do dereito a réplica, son cousas que habería que regular, pero, en todo caso, están a favor destas cousas e van a votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal dille ao Sr. Andreu que os veciños sempre puideron falar co equipo de goberno, non é un problema de diálogo, se hai algún veciño que non foi recibido por un concelleiro que o indique, pero non cre que haxa moitos, en realidade ningún.

Di que non hai un problema de diálogo cos veciños, o que pasa é que se hai que formular unha estrutura ou un sistema, non é cuestión de chegar aquí, e en 15 minutos, metelo sen máis, porque é algo máis serio, non están falando de diálogo, porque iso xa existe, do que falan é dun método para que a xente interveña nos plenos, e iso é unha cousa distinta, e por iso pensan que debe haber unha participación moito máis ampla, porque non só se trata de falar coa xente que vén aos plenos, hai que falar con todo o tecido asociativo de Cambre. Parécelles ben o tema que o PP expón, veno estupendo, só é que pensan que hai que facelo cunha análise máis profunda que esta.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que non sabe se terminaron de ler a moción, porque xa no seu último punto din que “O consello de goberno local poderá, non obstante, acordar as medidas necesarias para o correcto funcionamento dos acordos en tanto non estean regulados no regulamento, ...”, é dicir, que na moción xa facultan ao equipo de goberno para que como tal goberno limite todo o que queira, sempre que non se desvirtúe,

claro está, a moción. Se hai algún problema poden regulalo. Di que se votan en contra é porque teñen medo de que os veciños falen publicamente.

Don José Venancio Salcines Cristal pregunta ao Sr. Andreu por que se tantas ganas tiñan de diálogo non trouxeron este tema fai cinco días, para poder comentalo, pregúntalle se ten medo de falar co PSOE.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que lle sorprende que unha cuestión de tanta importancia e complexidade se trate así. Pregunta onde están os representantes veciñais, as asociacións, como se regula a súa participación.

Ante as interrupcións continuadas por parte do público asistente á sesión o Sr. Iglesias di que o que está claro é que dalgunha maneira teñen que regular o tema, porque hai que converter en algo formal o que xa é un feito, xa que parece que Cambre ten os plenos máis participativos de todo o contorno, e iso hai que regulalo, pero que, en todo caso, o PP vén aquí a facer un discurso, e que os únicos que teñen medo son os propios concelleiros do PP, que teñen medo de asumir as súas responsabilidades, e que iso xa llelo dixo fai un mes, pero que prefiren seguir asumindo o papel que tiñan antes, non se dan de conta de que agora a situación xa é a normal, o PP goberna na Xunta, o PSOE goberna en Cambre e o BNG en Allariz, e as cousas son así, naturais, por iso dilles que teñen que adaptarse tamén á realidade, que actúen como un partido de goberno e que fagan cousas que sirvan a todos, e tamén a eles, porque saben que iso que están presentando non lle vale nin ao PP nin a ninguén, é unha chapuza, un parche que simplemente lles serve para facer un mitin. Os que non teñen valentía, os que teñen medo son os do PP, medo a asumir a súa responsabilidade.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez di que isto é tan sinxelo como dicir se os veciños van falar ou non nos plenos, e que hai que votar e deixarse xa de tanta cousa.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG. Dado que se produce un empate, efectúase unha nova votación, con idéntico resultado que a anterior, polo que decide o voto de calidade do Sr. alcalde.

A corporación, por dez votos en contra, en aplicación do voto de calidade do Sr. alcalde, rexeita a moción presentada polo PP.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**B) Moción do grupo municipal do EU-IU para a elaboración dun concurso de ideas para a rexeneración urbana e ordenación do campo da feira de Cambre**

Rexistrada de entrada ao núm. 5048 o día 25 de abril de 2009, xunto cos rogos e as preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“Entre as actuacións contempladas no proxecto Arume está a Rexeneración do campo da feira de Cambre cun orzamento de 560.000 euros para a súa execución, esta iniciativa que trata de recuperar o valor e simboloxía que este lugar ten para os cambreses/as, dada a súa historia e o seu emprazamento, debería ter unha ampla participación e proxección no conxunto do municipio, sobre todo para que non se sigan realizando actuacións illadas, que entren en confrontación cos intereses da maioría dos cidadáns, dado que pretendemos actuar nun lugar emblemático do concello.

En consoancia coa actuación presentada no proxecto Arume, na idea de recuperar esta singular alameda como un lugar para o goce da cidadanía e recuperar o seu carácter funcional, dende EU-IU cremos necesario que se utilice o concurso de ideas como medio máis idóneo para decidir que actuación será a mellor, e a que máis satisface aos veciños/as de Cambre para mellorar un espazo urbano de primeira magnitude e un dos símbolos máis importantes do concello.

Sendo conscientes que o lugar en cuestión está considerado un espazo de especial protección, nas actuais Normas de planeamento, e no ánimo de que toda obra a realizar conte coas máximas garantías, e tamén se promova a participación dos veciños/as, o noso grupo municipal pretende con esta iniciativa dar unha solución arquitectónica ao campo da feira de Cambre e ao seu contorno, de xeito que queden satisfeitas as necesidades para o espazo, considerando a posibilidade de realizar un concurso de ideas para tal fin, contando coa colaboración do Colexio de Arquitectos e Arquitectos Técnicos da Coruña, así como a opinión da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, técnicos municipais do concello e os propios cidadáns.

Da idea presentada polo grupo de EU-IU, despréndese que os proxectos presentados a concurso permanecerán expostos ao público nas dependencias municipais, onde os veciños/as poidan manifestar a súa opinión, cuxa decisión maioritaria teríase en conta á hora de tomar a decisión o xurado cualificador. Non obstante, a decisión final será a adoptada por un xurado composto por polo menos seis persoas a determinar polos compañeiros da Comisión Informativa de Urbanismo.

Por todo o exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que os responsables do goberno local en colaboración cos técnicos do concello, elaboren as bases e normas para a convocatoria dun concurso de ideas para levar a cabo o proxecto mencionado.

Segundo: Elaboradas as bases, serán presentadas á Comisión Informativa de Urbanismo para a súa posterior aprobación se procede.

Terceiro: A dotación do importe económico dos premios do concurso será consensuada e aprobada polos grupos municipais, e detraeranse do orzamento previsto para a execución da obra.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo parécelle correcta a moción e o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que como era de esperar a súa moción era mala, era difícil regular a intervención dos veciños, como se ía facer, etc., pola contra esta moción de EU-IU fala dun concurso de ideas, de que interveña a Dirección Xeral de Patrimonio, técnicos municipais e os propios cidadáns, e isto apróbbase sen máis. Pregunta se aquí non hai nada que regular, e como van a participar os veciños, e di que o que pasa é que non a leron, como tampouco leron a que presentou antes o PP. Dille ao equipo de goberno que eles que se chaman a si mesmos progresistas, non son tal, senón que rexeitan sistematicamente o que presenta o PP, sexa bo ou malo. Eles, pola contra, se as cousas están ben din que si, e a esta moción van dicir que si, porque lles gusta. O PP sempre está aberto a colaborar e participar e por iso van a votar que si.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que pensa que non hai que tratar de desvirtuar as mocións dos demais grupos municipais, porque lles parece que esta moción é do suficiente calado para apoiala, e parécelle que a participación dos veciños está suficientemente garantizada, primeiro porque é un concurso de ideas, e despois porque se fala de expoñer os proxectos en locais públicos onde os veciños poderán opinar, e se para iso hai que poñer unha urna, porase.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal dille ao Sr. Cubeiro que o que parece é que ninguén le nada neste concello, porque a moción fala de que os responsables do goberno local, en colaboración cos técnicos do concello, elaborarán as bases e normas para a convocatoria dun concurso de ideas, non existen, hai que facelas. Di que se fala de facer unhas bases, non é o mesmo que se dicía na anterior moción, na que o PP xa fixaba o que había que facer.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que o seu compañeiro de partido, don Felipe Andreu, xa deu lectura ao punto cinco da moción e explicouno.

O Sr. alcalde di que esa moción xa está tratada e que hai que seguir con esta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que ambas mocións teñen puntos idénticos, el xa dixo que van a apoiar a moción de EU-IU, que o PP apoia o que lle parece que está ben, agora ben, preocúpalle moitísimo o concurso de ideas, porque lémbrollle ao Sr. alcalde que o último concurso de ideas que houbo en Cambre custoulle aos veciños 20 millóns de pesetas, foi para construír a casa da cultura, o proxecto custou 20 millóns, e agora non se pode facer pola cualificación do terreo. Por tanto, din que si ao concurso de ideas, pero sempre que non lles custe 20 millóns de pesetas e queden tirados. Pide que en caso de facerse, que se regule claramente o para que e o como van a participar os veciños.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, felicita a iniciativa de EU-IU e di que van a votar a prol, pero que hai que ter coidado con que isto non dilate os tempos, porque hai uns prazos para executar os proxectos do plan Arume.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén vai a votar a prol.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece aos demais grupos o seu apoio.



Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

### **C) Moción do grupo municipal do PG para análise da xestión do goberno municipal**

Rexistrada de entrada ao núm. 5032 o día 24 de abril de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“En vista da actitude do goberno municipal no pleno do pasado mes de marzo ao que asistiron só catro dos sete concelleiros e demostrando unha falta de respecto tanto ao resto da corporación, como aos veciños e veciñas de Cambre, logo de agardar un tempo prudencial a que o goberno municipal contestase por escrito varios rogos e preguntas formuladas por min en distintos plenos, e que sigo esperando esa contestación, e logo de analizar a documentación achegada polo concelleiro de Economía, Facenda e Promoción Económica, e de escoitar as súas manifestacións no pasado pleno do mes de febreiro respecto da súa viaxe a Londres para visitar uns mercados de postos ambulantes para a posible implantación en Cambre de mercados de postos ambulantes similares e revisada a documentación achegada á corporación, que non deixa de ser máis que unhas fotocopias de fotos nas que non se ve absolutamente nada, quero manifestar a miña indignación pola forma de malgastar o diñeiro público por parte do concelleiro de Facenda. Este mesmo concelleiro e actuando como voceiro do goberno municipal no pleno do mes de marzo, en resposta a un rogo feito por min en representación do Partido Galeguista, no que se pedía a revisión dos prezos das taxas aprobadas a finais do ano pasado para o ano 2009 xa que o I.P.C. interanual oficial é moi inferior ao previsto polo goberno municipal non se lle ocorre outra cousa que dicir que NON se van a revisar os prezos, porque aínda que porcentualmente parece esaxerada a subida, a realidade é que na práctica para os petos dos cidadáns só representa DIÑEIRO SOLTO. Esta resposta eu quero supor que se refire aos petos de cidadáns que como o concelleiro de Facenda nin lles afecta a crise, nin que lles suban as taxas uns euros ao ano por que antes de entrar a formar parte da corporación

municipal aseguraba que el non ía cobrar ningunha asignación por parte do concello debido a que os seus ingresos permitiríanlle dedicarse de forma altruísta ao servizo dos veciños, a realidade é outra, este señor cobra unha asignación fixa mensual con cargo aos orzamentos municipais como media dedicación á vez que atende a súa actividade profesional ausentándose do concello de forma reiterada.

En vista do exposto anteriormente solicito ao pleno da corporación de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que don Venancio Salcines Cristal reintegre ás arcas municipais o importe íntegro dos gastos ocasionados pola viaxe que a título persoal realizou a Londres para facer unhas poucas fotos.

Segundo: Que por parte da Intervención municipal se emita informe detallado de todos os gastos ocasionados ás arcas municipais polo concelleiro don Venancio Salcines Cristal desde a toma de posesión (asignacións, axudas de custo, restaurantes, conexións a internet desde fóra do concello, etc.).

Terceiro: Retíralle a asignación mensual e que pase a cobrar as asignacións por asistencias a plenos e comisións.

Cuarto: Darlle un prazo de cortesía de 6 meses ao goberno municipal, para que cumpra con todos os compromisos plenarios adquiridos no que vai de lexislatura. E en caso de seguir coa mesma actitude que ata agora, e unha vez rematado este prazo, revisar as asignacións de cada un dos integrantes do goberno municipal.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o Sr. Marante intenta trasladar a imaxe dun concelleiro frívolo, imaxina que tamén egoísta, e pouco preocupado polos veciños, un concelleiro que viaxa, dedicándose a gastar, que vai a feiras, a Londres, etc. Debe dicirlle que a el nunca se lle tería ocorrido ir á feira de Londres, que el estaba alí xa, e como estaba alí, decidiu ir a ver esas feiras. El xa as vira no seu día, pero dende que é o concelleiro encargado das feiras hai moitos temas que xurdiron e dos cales non tiña moita idea, fala de moitos temas de carácter técnico, e aproveitou que estaba en Londres para ir a velas, pareceulle interesante ver esas dúas feiras que compiten entre si, e cando volveu fixo un informe do que falou cos seus técnicos. Pode que o informe sexa aburrido, porque do que fala é de cousas como distancias de corredores, estruturas, onde se meten os coches, etc., pero tamén admite que se non fose porque estaba

alí, nunca se lle tería ocorrido ir a esas feiras, se ben pode dicir, que xa que foi tampouco se arrepiante do que aprendeu. Non vai volver falar do que aprendeu, porque xa tocaron este tema polo menos cinco veces, e non é obxecto volver facelo agora.

Continúa dicindo que do que di o Sr. Marante non só se deduce que é egoísta, senón que tamén parece que despreza o que hai aquí, que actúa como se todos tiveran moito diñeiro. El sabe que si vai a casa dunha familia de Cambre e pregunta se estarían dispostos a subvencionar a auga da piscina do seu veciño que ten un chalé, está convencido de que lle dirían que non. En Cambre, e dende hai moitos anos, hai familias que están subvencionando a auga doutras, porque o custo da auga non se está a cobrar e, polo tanto, o que consume moita auga está a recibir a axuda doutros, e as familias que están vivindo nun piso ou nun apartamento, e que teñen problemas para pagar a auga, resulta que cando pagan o imposto de circulación, ou a contribución, unha parte dese diñeiro está para pagar a auga dun señor que, ao mellor, ten unha piscina, e iso hai que dicirlllo á xente. Para evitar iso é polo que hai que cobrar a auga polo que custa, nin máis nin menos, e se fan así, cada un pagará o que gaste. Iso é o que el expuxo.

Segue a dicir que a unha familia normal de Cambre a subida supónlle 1 euro/mes, e que claro que iso é importante, pero que o máis importante é a idea da xustiza, que cada un pague polo que consume, e así o que se recade por outros impostos poderase utilizar para outras cousas distintas.

Por outra parte di que está o tema das fotos. O Sr. Marante dille que fixo fotos que a ninguén lle importan, pero el o que fixo foi fotos de ferros, de parabrisas de coches cos permisos que tiñan, etc., pero que talvez tería sido mellor que fora a Montmeló á Fórmula 1, como fixo o Sr. Marante, e facer fotos de coches ou de mozas, sen dúbida ningunha tería sido máis divertido. Di que tamén o acusou de non ter ningunha ética, nin ningunha vergonza, así que el decidiu facer un pequeno repaso, e atopouse con que tamén o Sr. Marante no pasado foi a Madrid a cursos que non tiñan moito que ver coa súa concellería, foi a feiras medioambientais, a moreas de cousas, e a el parécelle moi ben que o fixera se pensaba que era correcto, e se tamén creu que era bo que lle pagaran a viaxe á Fórmula 1, supón que tería as súas razóns, para iso están os veciños, para xulgalos.

Conclúe dicindo que el o único caso que ten é o de Londres, do cal todos falan e todo o mundo coñece, non ten ningún máis.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), dille ao Sr. Salcines que cando vaia ir por aí de mozas que lle pedirá que llas pague, pero que de momento cos cartos do concello nunca fixo iso, nin levou ningunha compañía a ningún lado.

Don José Venancio Salcines Cristal pregunta se está a dicir que el si o fixo.

Don Manuel Marante Gómez contesta que iso saberao o Sr. concelleiro, pero que o que el si sabe é que en Inglaterra pasou 300 euros de gastos ao concello, cando acaba de recoñecer que xa estaba alí en viaxe privada, pregunta se eses cartos foron para o carrete e as fotos.

Continúa dicindo que cando o Sr. Salcines fala do tema da auga, xustifícao en que non van a pagar uns o que outros botan ás piscinas, pero que el saiba a auga subiuse a todos por igual, un 8% para xustificar perdas de 400.000 m<sup>3</sup> de auga por defecto de instalacións. Di que a quen non se lle cobra a auga é aos amigos, construtores que por negligencia rompen a tubaxe nalgunhas obras, pérdense moitísimos m<sup>3</sup>, e aínda falta o primeiro m<sup>3</sup> que se cobre neste concello. Esa é a auga que pagan os veciños, non a paga quen a consume porque estropea ou rompe a tubaxe, senón que a pagan os veciños, e a quen suben o prezo da auga un 8% é aos veciños, porque segundo di o Sr. Salcines non é nada, é diñeiro solto, non é nada ao final de ano. Di que iso será así para petos como o peto do Sr. Salcines, que teñen moita recadación, pero que hai moitos cidadáns de Cambre que non son nin sequera mileuristas, e eses cidadáns aproveitan moi ben os euros para comer ou para o que lles faga falta, sen ter que pagar outras historias.

Di que aquí viñeron a falar do que fixo o Sr. Salcines e tamén o resto do equipo de goberno nestes dous últimos anos. Aínda que non lle merece nin o máis mínimo esforzo, lémbrale ao Sr. Salcines que a súa viaxe a Montmeló foi consecuencia dunha actividade que se programou dende a Concellería de Deportes, da cal el era responsable, e foron 55 veciños de Cambre nun autocar a Montmeló. El como responsable desa actividade, organizada dende o concello pola súa concellería, foi con eles, a gastos pagos, pero porque acudía como responsable da actividade. Non sabe de quen foi responsable o Sr. Salcines na súa viaxe privada a Londres, para gastar eses 300 euros. Ademais, cando el foi a Montmeló, fíxoo no autobús, cos demais veciños, non como outros políticos que van en coche oficial ou en avión, e volve dicirlle que, ademais, fíxoo como responsable da viaxe.

Segue dicindo que con respecto ao curso en Madrid, debería informarse de todo, e non dicir só o que lle interesa, porque cando di que foi a un curso que nada tiña que ver coa súa

concellería, el pode contestarlle que foi a un curso de dous días organizado pola Federación Española de Municipios e Provincias para falar, para ver e para traer documentación de como se podía facer a xestión privada, ou mixta entre concello e entidades privadas, das instalacións deportivas. El era o concelleiro de Deportes, e pregunta se á reunión tiña que ter ido o concelleiro de Obras.

Di que tamén falou o Sr. Salcines, non aquí no pleno, pero si a través da prensa, de que foi a Francia a un irmanamento de Cambre cun concello francés, e dille que é certo que foi a Francia, pero que o fixo porque o mandou o Sr. alcalde que non quixo ir, e con iso non pasa nada, fíxoo como tamén o pode facer o Sr. Salcines chegado o caso, e van cos gastos pagados porque van en representación do concello, iso si que lle parece que é correcto.

Di que os gastos que fixo mentres foi concelleiro do equipo de goberno, están todos ben claros, e que o Sr. Salcines pode miralos, e pode mirar os gastos dos 20 anos que estivo, porque foron 20 anos, non 15 como di el, que ata niso se equivoca, e seguramente se analiza todos os gastos que fixo neses 20 anos, posiblemente sexan inferiores aos gastos que leva o Sr. Salcines en dous anos, é suficiente con ver as cousas que está facendo para promocionarse persoalmente cos cartos dos veciños de Cambre. Por exemplo, fixo dúas cartas, de data marzo de 2009, para os veciños. Están en época de crise, pero non o Sr. concelleiro, que dixo que gastou 800 euros en protocolo, cando con só ver a revista que mandou aos veciños xa se sabe que eses 800 euros non chegan nin para as tapas.

Continúa dicindo que tamén gastou diñeiro público noutro escrito que enviou aos veciños de Cambre para dicir que co Fondo Estatal de Investimento Local están facendo un grande esforzo, e que van facer obras en todas as parroquias do Concello de Cambre, e manda un listado no que na primeira parroquia que figura xa é mentira, xa está enganando aos veciños, e por enriba gastando diñeiro do concello en propaganda asinada por el. Figura nese listado a reforma do centro socio-cultural de Anceis, con data prevista de inicio de abril do 2009. Pregúntalle se iso é verdade, porque en abril comeza unha obra, pero en Cecebre, non en Anceis. Pídelle que non engane aos veciños. Dille que está a facer un dispendio, pero que lle dá pena o que ve e que non vai discutir máis con el.

Conclúe dicíndolle ao Sr. Salcines que pode mirar todo o que queira do tempo que el estivo de concelleiro co equipo de goberno, e que lle pode pedir todas as explicacións que queira e cando queira, porque non ten nada que tapar nin esconder.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal dille ao Sr. Marante que arranca cun escrito cheo de mentiras, pero que, ademais, cando se pon a rebater suxire que foron de bordeis, fala de gasto en mozas.

O Sr. Marante Gómez responde que iso díxoo o Sr. Salcines.

Don José Venancio Salcines Cristal dille que inventa e difama. Que xa que falou dos millóns que se van en perdas de auga, sen que pague ninguén, pídelles que se coñece algún caso que o denuncie. Di que está fácil lanzar cousas, e coller a imaxe de que o político é un ladrón, pero o que teñen é que facer política de verdade, e non chegar aquí e facer un espectáculo que dá vergonza.

Don Manuel Marante Gómez dille ao Sr. Salcines que pensa o ladrón que todos son da súa condición.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que cando unha persoa toma a decisión de formar parte dun proxecto político, como é o caso dos concelleiros do PP, fano pensando que poden achegar algo ao seu concello, faise con cariño. Saben que está en xogo a súa reputación e a súa dignidade, e a pesar diso dan o paso, e ten que dicir que hoxe é un día triste, porque esta moción non se tiña que ter presentado, nin se tiñan que ter dado motivos para que se presentase. Di que eles, aínda que en certo modo están de acordo coa moción, non a van a apoiar porque non queren facer ese tipo de política, non lles gusta. Dito isto, quere dicirlle ao Sr. Salcines que en varias ocasións lle ten reprochado a súa forma de proceder, por diversos motivos. Dille que esa viaxe a Inglaterra, quen a viu por primeira vez foi o PP, mentres revisaban os gastos de representación do equipo de goberno, e non utilizaron nada diso cando, por exemplo, hai un ticket presentado polo Sr. Salcines por unha cerveza a presión, unha. Como gasto de representación poderían entender que foran dúas, pero nunca unha. Hai outra serie de tickets dos que non quixeron falar, nin o van a facer hoxe, pero xa lle dixo ao Sr. Salcines que non era forma de facer política, polo tanto, o seu grupo non vai apoiar a moción, pero si que lle pide ao concelleiro socialista que o reconsidere, e que pense se realmente eses gastos corresponden ao concello ou non, e queda na súa man restituir ese importe se o considera oportuno.

Conclúe dicindo que se van abster.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal responde que se hai un gasto como ese, obviamente non é correcto, non ten ningunha lóxica. Non sabe como puido chegar ese gasto aí, pero se chegou claro que o retiraría, pero quixera ver esa documentación.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que ao BNG parécelle absolutamente lamentable e bochornoso o que está a ocorrer, cun tema que xa veu ao pleno a provocar as risas e a facer teatro con el, xa en varias ocasións. Pensa que xa está ben. Nin os veciños e veciñas, nin a corporación se merecen seguir sacando punta dun tema que pensa que xa está máis que sobradamente aclarado. Dende logo co BNG para este tipo de espectáculos que non se conte.

Di que eles non van a apoiar esta moción, pero tampouco van a votar en contra, vanse abster. Ademais, a título persoal, gustaríalle pedir algo, pensa que sería moi boa cousa que todos e todas os que son representantes na corporación, procurasen respectar un pouco máis a súa propia dignidade como representantes públicos. Pensa que este tipo de espectáculos nada edificantes, nada achegan, e é máis, pensa que iniciativas deste tipo poden acabar volvéndose contra quen as provoca, aínda que non o di neste caso polo Sr. Marante, pero que, en todo caso, contribúen a iso que xa está tan extendido entre a clase popular, que é o desprestixio da clase política, a súa mala imaxe. Os políticos teñen que responder diante dos electores e tentar facer bastante menos demagogia nestes temas. Pensa que nin por un lado, nin polo outro que se contestou, houbo unha actitude edificante.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ao seu grupo gustaríalle que esta moción tivera un calado un pouco máis significativo, e non o claro personalismo que se trata. Di que eles tamén están de acordo con que se reduzan gastos, xa o manifestaron cando propuxeron a conxelación dos soldos de dedicacións exclusivas e medias dedicacións, pero pensa que hai que ir moito máis aló, fuxir de personalismos.

Di que o seu grupo vaise abster, pero que queren facer unha proposta seria. Cando se trata de aforrar e reducir gastos, eles propoñen que se faga unha revisión xeneralizada das asignacións e dos soldos dos membros do goberno, das dedicacións exclusivas e medias dedicacións, pero tamén das axudas de custo que percibe o resto da corporación. Unha revisión completa de todos, todos teñen que render contas, e que non só se trate dunha persoa. Hai que falar de diñeiro, sobre todo neste momento de crise, hai que falar de todo, de asignacións a grupos, asignacións ás persoas, axudas de custo, dedicacións, etc.

Sometido o asunto a votación ordinaria, vota a prol o concelleiro do GM (PG), votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por seis votos en contra, rexeita a moción presentada polo GM (PG).

### **9º Informes da Alcaldía**

Non se utilizou este punto.

### **10º Rogos e preguntas**

#### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 5122 o día 28 de abril de 2009.

O Sr. alcalde fai constar que os rogos e preguntas do PP foron presentados fóra de prazo.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, di que é unha mágoa que o malo se contaxie, pero como o BNG normalmente sempre os presenta fóra de prazo, hai veces que aos demais se lles contaxia e tamén o fan.

O Sr. alcalde sinala que cre que hai que sentar unhas bases. Parécelle ben que poida entrar fóra de prazo un tema, unha moción, déixase ler, pero que entren os rogos e as preguntas, a el realmente lle parece que hai que ter un pouco máis de vontade.

Di que a moción ten data do día 24, os rogos e preguntas do día 25, e preséntanse por Rexistro de entrada o día 28, fóra de prazo. Para ir dunha vez curtando con todo isto, el pediría que eses rogos e preguntas pasen ao pleno seguinte.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que lle agradece ao Sr. alcalde a súa seriedade e rigor, e que precisamente o empregue co PP, porque hai outros partidos que o presentaron fóra de prazo e eles nunca se opuxeron a que se lera. En calquera caso el oponse a que se leve para o seguinte pleno, deberían lerse, e así di que no primeiro rogo solicitan que se lles informe do estado no que se atopa actualmente o servizo de Protección Civil de Cambre, porque talvez o que pasa é que non queren falar



de que quedaron sen nove bombeiros, e a el parécelle que ese é un tema bastante importante.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que hai que seguir unha orde, e o PP tamén ten que seguila. Simplemente se trata de deixalo para o vindeiro pleno, é unha cuestión de procedemento, e hai que ser serios. Unha moción está ben, pero o atraso tamén cos rogos e preguntas xa non, hai que facer os deberes en día e hora.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez di que lle gusta que o Sr. Salcines diga que non é importante que Cambre quedara sen nove bombeiros, porque ese era o primeiro rogo. En calquera caso, el manifesta a súa disconformidade e, dende logo, non van a consentir que a partir de agora nunca máis, ningún grupo, incluído o grupo de goberno, faga as cousas a destempo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que se retiran os rogos e preguntas do PP.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que durante os case dous anos desta corporación, sempre presentaron as súas iniciativas en tempo e forma.

Rexistrados de entrada ao núm. 5048 o día 25 de abril de 2009, xunto coa moción e as preguntas.

1º Fai escasos días remataba o prazo legal para realizar as baremacións da puntuación obtida logo da presentación da documentación requirida ás familias que optan a unha praza escolar nos centros públicos do concello no curso 2009/2010.

O noso grupo prega se nos informe detalladamente da situación actual do proceso e incidencias significativas do seu desenvolvemento.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes contesta que teñen un informe sobre as vacantes que quedan nos colexios este ano. Están practicamente admitidos todos os alumnos.

Por colexios, e respecto dos nenos de tres anos, que é onde máis problemas hai, di que os

números son os seguintes:

- no CEIP Portofaro quedaron 10 vacantes
- no Wenceslao Fernández Flórez quedaron 8 solicitudes sen admitir, houbo 58 solicitudes para 50 prazas
- no Graxal II houbo 44 solicitudes e, polo tanto, 6 prazas vacantes
- en Sigrás houbo 17 solicitudes e quedaron 8 vacantes
- en Brexo-Lema hai 4 vacantes

Respecto dos institutos:

- no instituto Alfonso X O Sabio, hai vacantes en todos os cursos
- no David Buján quedan a cero, excepto en 1º de Bacharelato que quedaron 10 vacantes

Nas unitarias:

- en Apeadeiro de Cecebre non quedou ningunha vacante
- en Sta. Mª de Vigo quedan 13 postos vacantes
- en Bribes 17 vacantes
- en Pravio, 13 vacantes

Continúa dicindo que respecto das 8 solicitudes que quedaron sen asignar no Wenceslao Fernández Flórez, a Comisión de Escolarización pensa que se poden redistribuír, porque hai algunhas delas que pertencerían a algún outro colexio. Engade que no colexio Portofaro hai unha solicitude de 5º de primaria que non entrou porque solicitaron dous, había cero vacantes, pero aí si que vai haber vacantes, porque houbo algunha baixa, e entón vanse adjudicar na Comisión de Escolarización.

Conclúe dicindo que parece ser que este ano non vai haber o mesmo problema que o ano pasado.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que iso era o que ía preguntar. Parece ser que este ano van ter un pouco máis de sorte no tema das prazas escolares e hai bastantes vacantes, excepto no Wenceslao. Di que agarda que co tema do comedor tamén teñan a mesma sorte, e pregunta se no proceso houbo algún tipo de incidencia.

O Sr. López Lisnier contesta que non houbo ningún problema.

2º Veciños/as do lugar da Igrexa na parroquia de Cela, manifestaron ao noso grupo a carencia dun servizo de transporte público colectivo, con paradas no centro parroquial.

Pregamos ao goberno local realice as xestións necesarias para modificar as liñas actuais, na idea de incluír no percorrido do servizo de transporte o mencionado lugar.

O Sr. alcalde contesta que a semana que vén, poñeranse en contacto con Asicasa.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pide que cando o fagan os manteñan informados sobre a posibilidade de habilitar esa parada en Cela.

3º Ante a carencia dun pequeno tramo de beirarrúas entre a rotonda de Catro Camiños e a farmacia en Pravio.

O noso grupo solicita se inclúa nun plan municipal de obras completar o pequeno tramo (escasos metros) de beirarrúas no tramo mencionado, polo risco que supón para os peóns que teñen que circular pola estrada.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que comezarán os contactos cos veciños para a cesión dos terreos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que como é un tramo pequeno, pensa que incluso aproveitando as cunetas se podería habilitar a beirarrúa.

4º Tamén na mesma rotonda de Catro Camiños, os veciños/as botan en falta máis pasos de peóns para poder cruzar cun mínimo de seguridade.

O noso grupo prega á concelleira responsable se realice un estudo por parte dos servizos técnicos e policía local, co fin de instalar máis pasos de peóns no mencionado lugar.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que se ordenará á policía local e aos técnicos municipais e se remitirá á Xunta, que é a titular da estrada.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5089 o día 27 de abril de 2009.

1ª Aumento das situacións de alteración da convivencia. Ten coñecemento o goberno local

das situacións que se están a producir nas concentracións xuvenís nos últimos tempos, ten analizado as súas causas e, de ser así, ten establecido algún tipo de mecanismo ou liña de actuación para corrixir estas situacións? Que iniciativas de intervención social e de políticas xuvenís se están a por en marcha?

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes pregunta a que se refire exactamente o voceiro do BNG, se se trata das alteracións que houbo ultimamente en Noites Morcegas, porque, nese caso, é verdade que aí houbo un par de sábados nos que un grupo de rapaces intentaron abortar as actividades que estaban facendo, e fixeron botellón ás costas dos lugares onde tiñan lugar eses actos. O que se fixo foi falar coa Policía Local e coa Garda Civil, e estes últimos sábados foron por alí, e solucionouse o problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que eses son algúns dos exemplos que se viron, algúns dos efectos ou síntomas do que está a ocorrer. Di que eles o que queren expoñer é unha situación que pensan que é bastante máis seria, e que vai máis aló dun altercado que con carácter puntual poida ter lugar, como pasou no entroido, cando hai concentracións, algúns fins de semana en Cambre ou no Temple aínda que non haxa ningunha convocatoria especial nin ningunha festa.

Di que dende logo é preocupante que unha actividade que se supón é de ocio alternativo, como son as Noites Morcegas, sen drogas nin alcohol, se acabe convertendo nun punto de referencia ou concentración para o botellón. Con estas palabras non queren que ninguén pense que lle están botando as culpas ao goberno, nin que as Noites Morcegas teñan a culpa destas cousas. A eles o que lles preocupa é outra cuestión, o que preguntaban é se se ten detectado que socialmente haxa algún tipo de troco nos últimos tempos, no que está ocorrendo entre a mocidade, se se ten analizado, e se teñen adoptado algún tipo de acordo.

Di que evidentemente as forzas de seguridade hai que telas cando se producen os altercados, para que as cousas non vaian a maiores, pero a solución non vai estar aí, cre que a solución está, e iso era o que pretendían poñer sobre a mesa con esa pregunta, en planificar a intervención social dos técnicos municipais entre a mocidade, para intentar corrixir a longo prazo, porque esas son cousas que non teñen efectos nin en 6 meses nin en 2 anos, nin seguramente os rapaces cos que se vai a traballar se lles vai a poder aproveitar electoralmente, pero si vai a ter moita rendibilidade social a longo prazo.

Pon como exemplo algúns dos rapaces cos que se traballou no barrio da Barcala, con

programas de intervención social xa hai algúns anos, hoxe varios deles colaboran con algunha empresa e entidade, con actividades paralelas ao botellón que se está a producir na Coruña. Outra xente está integrada nos seus traballos, ou está integrada en procesos de formación para o traballo e, polo tanto, elimináronse determinados riscos de exclusión.

Di que el sabe que dende o concello non se pode facer todo, nin hai todos os instrumentos e toda a capacidade para deter a deterioración do ambiente social que se está producindo, e que probablemente en Cambre tardou máis tempo que noutros concellos en chegar, pero pensa que hai que facer algo, que simplemente a programación rutinaria de actividades xuvenís de ocio non chega, cre que coa actividade burocrática dos técnicos de Servizos Sociais non chega. Di que el non ten todos os datos, pero que si lle chegan as noticias do que está a ocorrer a través dos seus propios fillos adolescentes, e nos últimos anos a situación está cambiando a peor, falando con policía están detectando casos de violencia moi superiores aos que había hai tempo, estase falando do alcohol, doutro tipo de drogas entre rapaces moi novos, e estase producindo unha situación de risco de exclusión social en colectivos importantes de xente que como non se empecen a tomar algún tipo de medidas para paliar como se poida, vai ser complicado. Eles querían chamar a atención sobre isto, non é un caso puntual dun acto que poida ocorrer algo, senón que é unha sucesión e un determinado ambiente que se está a producir, e que pensa que lles preocupa a eles, pero tamén a moitas familias de diferentes partes do concello, fundamentalmente das zonas urbanas, do Temple, de Cambre e da Barcala, e que iso está circulando no ambiente. Pensa que na medida en que se poida, e coas armas das que se dispoña hai que comezar a traballar e, dende logo, pensa que niso se pode contar coa colaboración de todo o mundo.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que el lle pode aclarar un pouco máis o que se está a facer, polo menos dentro dalgúns concellerías, como é, por exemplo, a organización dunha serie de actividades os sábados, o programa Sal que é para ir collendo aos rapaces máis pequenos. Dende a Concellería de Educación un programa de inglés os sábados, precisamente para ir recollendo eses rapaces e ofrecéndolles actividades. Di que dende o Departamento de Xuventude hai pensadas outras cousas, pero que de momento están en estudo.

Conclúe recoñecendo que hai moitas medidas que tomar, cada vez máis, sobre todo tal e como están os tempos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que se cadra o mellor que podían facer é poñer a traballar aos técnicos que saben destas cousas, e que anden na rúa en vez de estar nos

despachos, esa é a maneira de poder detectar eses problemas e de poder tomar medidas para corrixilos.

2ª Regulación da actividade forestal e protección da paisaxe. O pleno da corporación de 29 de xuño de 2008 aprobou dúas mocións, do BNG e do PP, nas que se amosaba a preocupación pola deterioración patrimonial e paisaxística que a actividade de explotación forestal estaba a producir en Cambre. No texto refundido das dúas mocións e na súa parte dispositiva acordáronse unha serie de decisións, algunhas delas establecendo prazos de execución, sen que ata este momento se teña cumprido ningunha delas. Pasou case un ano e a situación segue igual e a actividade de explotación forestal continúa a deixarnos sen algúns dos espazos de valor medioambiental e paisaxístico que determinaban a imaxe do noso territorio.

Que explicacións se poden dar deste incumprimento e que se está a facer desde as áreas de urbanismo e medioambiente para executar o mandato plenario?

O Sr. alcalde contesta que lle pediu un informe a Urbanismo, o arquitecto quedou en darllo hoxe, pero non foi así. Di que o luns llelo fará chegar a todos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, dille ao Sr. alcalde que comprenderá que a resposta non lles satisfaga, di que hai un acordo plenario, unha moción que se aprobou con numerosos puntos, quizais algún punto de máis, probablemente os prazos que se puxeron tamén foran axustados de máis, quizais houbo un exceso de optimismo no pleno, pero o que eles queren, porque o apoio a esa moción foi unánime, é que se poñan a traballar niso xa. Di que o que non pode ser é que os intereses particulares primen sobre os intereses xerais neste caso, unha cuestión na que se quedou foi regular mediante unha ordenanza a explotación forestal, e iso non ten por que menoscabar os intereses de propietarios e particulares, o que hai que facer é regulado como está en moitos outros sitios.

Continúa dicindo que outra cuestión máis é que están falando dunha crise económica que se está a vivir. O propio concello, na proposta de contas que traía, recollía unha redución significativa da capacidade de ingresos, pois ben, unha capacidade económica como esta, que ao final non está tributando por nada, e nalgúns casos incluso xenerando custos, porque nin sequera se piden avais para reparar os camiños forestais que as máquinas destrozan, senón que ten que ir o propio concello, co seu diñeiro municipal a amañalos. É dicir que ten moitos aspectos, e queren instar a que iso se poña en marcha. Parécelles que esta situación

non se pode tolerar por máis tempo porque senón, dentro de pouco, vai quedar pouco que defender neste concello.

3ª Continuación das beirarrúas entre Cambre e Pravio. O pleno da corporación municipal do pasado 25 de setembro de 2008, aprobou por unanimidade unha moción conxunta de todos os grupos municipais na que, entre outras cousas, se decidía a construción dunha senda peonil entre A Castellana e Pravio, para darlle continuidade e conectar as de Cambre e Pravio. Visto o proxecto de orzamentos sen observar ningunha referencia a esta obra solicitamos que se explique que accións se van a tomar para cumprir con este mandato plenario.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que xa se iniciaron algunhas negociacións con algúns propietarios, pero falta a cesión dos terreos para dar continuidade á senda. Van a seguir coas xestións cos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que agarda que así se faga, e adianta que unha das propostas que van a traer para os orzamentos é que se abra unha partida nominal para acometer esta obra, que aínda que polas circunstancias económicas non poida cubrir o 100% do custo, si que polo menos quede aberta para así comezar a traballar sobre ela.

4ª Paralización da variante de Espírito Santo a Volteiro. A construción desta estrada continúa paralizada. Cal é a situación na que se atopa e que xestións se están a facer desde a Alcaldía para que se remate a obra.

O Sr. alcalde responde que fai oito días estivo en Deputación falando co enxeñeiro e co presidente, e que lle dixeron que hai un problema importante co construtor, que está a incumprir os prazos, e están barallando a posibilidade, segundo palabras do presidente que vai a ir a visitar a obra, de penalizalo ou rescindir o contrato, xa que xa lle teñen adjudicado varias obras en distintos puntos, e houbo problemas, di que pensa que foi a mesma empresa que levou a praza que está sen terminar no Graxal, a praza de Manuel Murguía.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5048 o día 25 de abril de 2009, xunto coa moción e os rogos.

1ª Coa aprobación do Goberno Central do Fondo de Investimento Local, co obxecto de promover a realización de obra pública e de investimentos xeneradores de emprego por parte dos concellos, co fin de contribuír á reactivación da economía no presente ano.

O noso grupo pregunta o seguinte:

- A día de hoxe cantas obras se están realizando?
- Cantos postos de traballo de nova creación se realizaron?

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que, a día de hoxe, hai 6 obras iniciadas. En canto aos postos de traballo, hai 228 postos de traballo mantidos e 69 creados, un total de 297 postos de traballo. Informa que despois entregará un expediente con estes datos a todos os grupos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta se ten o dato de que porcentaxe de traballadores hai do Concello de Cambre.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que no seu momento intentaron incluír unha cláusula que obrigara aos empresarios a contratar traballadores de Cambre, pero que lles informaron que esa cláusula era ilegal, que non se pode obrigar a contratar xente dun lugar concreto, por iso, o que fixeron foi chamar un por un a todos os adxudicatarios das obras, e pedíronlles que acudiran ao Departamento de Emprego de Cambre para buscar parados do concello, e a regra xeral é que viñeron a facelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que agarda que se siga con esa dinámica, xa que, efectivamente pensa que é anticonstitucional esixir que se contraten traballadores dun determinado concello, pero pensa que a idea última do FEIL é precisamente xerar emprego dentro dos concellos onde se fan as obras. Por iso solicita que se siga na dinámica de que se contraten, dentro do posible, o máximo de traballadores do Concello de Cambre, e iso tamén o di polas propias empresas.

2ª Como recordatorio á concelleira responsable de Cultura. Ten pensado o goberno local poñer en marcha a convocatoria dun concurso de carteis, co fin de anunciar, promover e darlle maior proxección ás festas patronais de agosto en Cambre?

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta se é posible saber porque non



está hoxe presente a concelleira á que vai dirixida esta pregunta.

O Sr. alcalde contesta que o único que saben é que hoxe chamou dicindo que estaba indisposta, así que contestarase á pregunta por escrito.

3ª Unha vez máis volvéronse producir vertidos á ría a través dos aliviadoiros de pluviais, estes vertidos parecen ser procedentes da realización de diversas limpeza, prodúcense con demasiada frecuencia co conseguente prexuízo para o medio natural.

Ante esta situación o grupo municipal de EU-IU fai a seguinte pregunta:

- Ten coñecemento o goberno dalgunha denuncia por estes motivos?
- Realízase algún tipo de control para evitar este tipo de situacións?
- Tense aberto algún expediente por este problema?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que os últimos vertidos que houbo foron consecuencia de que a xente cando limpa os portais bota a auga e deterxente pola reixa. Cando se detectan estas situación avísase á comunidade de propietarios, e se lle explica o tema dos vertidos á ría.

Continúa dicindo que o último suceso foi que apareceron espumas pola zona da Casa das Palmeiras, e que cando sube a marea acumúlanse nesa zona. Comunicaron ese problema ao Seprona e están a investigar porque parece ser que pasa o mesmo no Concello de Oleiros. Cando o concello fai revisións sempre lle pasa os informes a Augas de Galicia e precisamente fai dous días fixeron recollidas nos doce puntos da ría.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que a súa pregunta ía nesa liña. Saben e son coñecedores de que os principais problemas son das empresas, e non dos particulares que botan vertidos que talvez non sexan tan importantes como poden ser os das empresas, pero que en número si fan que sexan importantes.

Di que lles gustaría que o concello tivera algún tipo de control ou avisos formais ás empresas para que, na medida do posible, eviten esas circunstancias.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, quere dicirlle ao Sr. alcalde que hai uns días houbo unha Comisión Informativa sobre a Vía Ártabra, e que o PP non foi convocado en forma, consideran que un erro, sexa de quen sexa, non debe

ter maiores consecuencias, e fixeron unha queixa por rexistro simplemente para que conste e se evite no futuro, pero non pasan de aí.

Continúa dicindo que hoxe se lles impediu ler os seus rogos e preguntas, que é verdade que tiñan que telos presentado o luns, pero que o compañeiro que tiña que facelo tivo un incidente que llo impediu, e presentouno o martes a primeira hora, aínda así non lles permitiron lelos, a pesar de que unha das preguntas xa a fixeron o mes pasado, era sobre a pegada sonora, non a contestou o mes pasado e hoxe evitou volver a contestala, a dos bombeiros non necesita ler nada porque xa a fan todos os anos e, por último, dicir que hoxe un grupo leu catro preguntas, que lles parece ben a pesar de que estean limitadas a tres, e outro grupo leu catro rogos, a pesar de que tamén estean limitados a tres. Dille ao Sr. alcalde que ten por costume medir dunha maneira aos grupos cercanos ao equipo de goberno, e doutra maneira ao PP.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia